

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS  
DENTAIS DE GALICIA

8 de febreiro de 2019

REXISTRO SAÍDA Nº 10

**ÓRGANO:** Asemblea Xeral  
**Nº DE SESIÓN:** 1/2019  
**TIPO DE CONVOCATORIA:** Ordinaria

**D. JOSÉ RAMÓN REY ÁLVAREZ**, Secretario electo do COPDG en cumprimento das funcións que teño atribuídas poño no seu coñecemento que o Sr. Presidente do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, D. Avelino J. Sanmartín Caamaño, con data 4 de febreiro do 2019 adoptou o acordo 4/2019 formulando mandato de convocatoria da sesión do órgano precitado, cuxo contido literal é o seguinte:

*“De conformidade co establecido nos artigos 18 e 19 do Decreto 304/2008, de 9 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia (C.O.P.D.G.), e en cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2019, esta Presidencia **ACORDA:***

***PRIMEIRO:*** Convocar a Sesión Ordinaria da Asemblea Xeral, que terá lugar o vindeiro **sábado día 9 de marzo de 2019** no Hotel Axis Vigo, sito na rúa María Berdiales 22, Vigo, **ás 10,30 horas** en primeira convocatoria e media hora despois en segunda, co seguinte,

### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:  
- Sesión Ordinaria nº 1/2018, de 3 de marzo.
- 2º.- Informe de Xestión da Xunta de Goberno das actuacións levadas a cabo no ano 2.018.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral de 2.018.
- 4º.- Aprobación, se procede, do proxecto de presuposto de 2.019 e das Bases de Execución.
- 5º.- Aprobación, se procede, de prorrogar o mandato realizado pola Asemblea deste Colexio, de non abonar cantidade algunha ao Consello Xeral mentres non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe abonar ao mesmo.
- 6º.- Toma de coñecemento e aprobación, se procede das actuacións a levar a cabo perante o Consello Xeral de Colexios de Protésicos Dentais de España atendendo á facultade outorgada pola Sesión Ordinaria 1/2018 da Asemblea Xeral de 3 de marzo de 2018.
- 7º.- Rogos e preguntas.

***SEGUNDO:*** O presente acordo será notificado polo Sr. Secretario, de conformidade co establecido no artigo 35 dos Estatutos.

**TERCEIRO:** De conformidade co disposto no artigo 19, a partir da convocatoria están a disposición dos colexiados na sede social do Colexio (**Rúa Hórreo nº 7, 1º dereita, de Santiago de Compostela**) os expedientes incluídos no orde do día.

**CUARTO:** De conformidade co establecido no artigo 17º dos Estatutos, formarán parte da Asemblea Xeral os/as colexiados/as con plenitude de dereitos, debendo os asistentes a partir das 09,30 horas presentarse portando o carné de colexiado ou DNI aos efectos de realizar as comprobacións oportunas.

**QUINTO:** Por motivos organizativos, prégase aos asistentes puntualidade, e confirmación da súa asistencia a través da Secretaria Técnica do Colegio (Telf. 981 571 017/coprodega@coprodega.es).

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019



Asdo.: José Ramón Rey Álvarez